

Bloque

A Estrada

Número 16. Epoca 1ª / Maio 2007

“ O BNG en só dous anos foi quen de iniciar o proxecto da Cidade do Móbel ”

Envío Postal sen enderezo

A Estrada pensada para ti



aquí está o BNG!

Desde o Concello tamén facemos País



www.raquellopezdoce-bng.org

O BNG ten un concello pensada para ti

Para Galiza hai un antes e un despois da chegada do nacionalismo á Xunta de Galiza. Só o nacionalismo asegura a defensa dos intereses de Galiza, fronte a un PP e un PSOE que utilizan sempre Galiza como moeda de cambio e supeditan os intereses de Galiza aos seus intereses a nivel de Estado. Do mesmo que xeito, para o noso Concello hai un antes e un

despois da chegada do BNG ao goberno da Xunta de Galiza onde só o BNG se comprometeu cos intereses da Estrada. Fronte a un PP que paralizou o desenvolvemento da Estrada durante 16 anos, o BNG en só dous foi quen de iniciar o proxecto da Cidade do Móbel, de axudar na posta en marcha da Cooperativa Monte Cabalar, de ampliar o Polígono Industrial de Toedo, de

facer investimentos record en infraestruturas no medio rural,... Todo iso non sería posíbel de non gobernar o BNG na Xunta.

Agora, para que esa transformación sexa completa, cómpre que o BNG da Estrada Goberne o noso Concello. Os veciños e veciñas da Estrada o 27 de maio teñen que elixir entre a política da confrontación e da parálise que practica o PP ou **votar maioritariamente polo BNG para que sexa o nacionalismo o que lidere a transformación que necesita o noso Concello** e abordando e solucionando os problemas que teñen os nosos veciños e veciñas, como xa o demostramos coa subida do IBI.

O BNG ten unha **A Estrada pensada para ti. Unha Estrada viva, dinámica, con futuro. Unha Estrada para vivir e traballar.**

Mitin Central do BNG da Estrada

O mitin central do BNG da Estrada será o 22 de maio, ás 9 da tarde, no Teatro Principal. Neste acto intervirán Raquel López Doce e Alfredo Suárez Canal



www.bng-galiza.org
www.benega.info/aestrada
Edita: BNG A Estrada

Raquel López Doce, candidata á alcaldía da Estrada

“A primeira cuestión a abordar



Raquel López Doce naceu en Figueroa (A Estrada) hai 39 anos, é Traballadora Social na atención primaria municipal e experta en Xerencia de Servizos Sociais.

Ser a Alcaldesa da Estrada, como afrontas este novo reto político que se che presenta?

Evidentemente é un reto moi importante e dunha enorme responsabilidade que o BNG confiara en min para que por primeira vez o BNG governe A Estrada, sobre todo por que tanto Rendo como Gonzalo Constenla deixaron o listón moi alto, e moito camiño andado, e por este motivo o BNG atópase hoxe en disposición de gobernar o Concello.

Parece que tes moi clara a perda da maioría absoluta do PP, por que pensas que vai a ser así?

Por suposto, se os últimos 15 anos de goberno do PP foron malos, os últimos catro foron catastróficos. O PP os últimos catro anos quedouse a velas vir, impedindo con esta parálise o desenvolvemento da Estrada. Xa estaban lentos de

“ Se os últimos 15 anos de goberno do PP foron malos, os últimos catro foron catastróficos ”

reflexos, e a perda da Xunta paralizounos por completo. Parece mentira, pero se nos poñemos a repasar cuestións importantes que afectan ao noso Concello o PP non fixo ningún proxecto medianamente importante para A Estrada, as infraestruturas son as mesmas que hai 16 anos e a vila segue sen ter circunvalación que é imprescindible, a autoestrada Santiago-Ourense está a oito quilómetros e da outra mellor non falar. En 15 anos foron incapaces de aprobar un PXOM, o que causou, e causa, enormes prexuízos a moitos veciños e veciñas. En resumidas contas, que se gañaron a pulso a perda da maioría absoluta, e por iso agora aparece dividido en distintas candidaturas que afloraron nas

últimas semanas, coa intención clara de volver a unirse como hai 15 anos, mais coido que os veciños e veciñas da Estrada tomaron boa nota, van facer exercicio de memoria, e non van a caer na mesma trampa, dándolle un bo escarmento nas urnas ao PP e aos seus sucedáneos.

“ o BNG da Estrada está preparado para asumir o Goberno Municipal ”

Un comentario que se escoita algunha que outra vez, e iso de que o BNG fai moi ben o traballo de oposición, pero mellor que gobernen outros.

No BNG estamos preparadas e preparados para todo: para facer oposición e para gobernar. Curiosamente nesta lexislatura lideramos a oposición e mesmo chegamos

“a aprobación dun PXOM viábel”

governar: Se hoxe podemos dicir que o IBI é un tema resolto é grazas ao BNG, que o solucionou en solitario; se hoxe hai un rexistro de parellas de feito, e grazas ao BNG. Hoxe podíamos ter un Regulamento de Participación Cidadá, e o Consello Económico e Social funcionando pero o PP nin quixo estudar a nosa proposta. A Cidade do Móbel, unha demanda histórica do BNG e do empresariado local, é unha realidade grazas ao BNG da Estrada e as Consellarías gobernadas polo BNG na Xunta. Para o ano 2007 a Consellaría de Medio Rural ten previsto investir no noso Concello máis de 4.600.000 euros fronte aos 3.400.000 euros que investiu o PP nos “últimos cinco”, e todo grazas ao BNG da Estrada e a Gonzalo Constenla que está demostrando que é un excelente Delegado Provincial de Medio Rural. En definitiva, mentres todos prometen, o BNG mira polos intereses da Estrada e consegue investimentos para o noso Concello. O BNG da Estrada está preparado para asumir o Goberno Municipal, queremos estar en posición de evitarlle problemas a cidadanía, e iso faise desde o goberno, xa pasou a etapa de resolver

os problemas que outros, desde o goberno lle crearon aos e ás estradenses.

Daquela agora compre pechar o círculo non?

Dalgunha maneira si. Os exemplos expostos anteriormente son unha pequena parte do que pode chegar a facer o BNG de gobernar A Estrada a partires do mes de maio, pero iso está na man de todos os veciños e veciñas, que teñen dúas opcións: ou votar aos de sempre, que aparecen divididos en varias candidaturas, e arriscarse a repetir a historia de hai 16 anos, ou votar ao BNG.

“ A aprobación do PXOM é esencial para impulsar o desenvolvemento económico ”

Cales van ser as prioridades do Goberno Municipal do BNG?

A primeira cuestión a abordar é a aprobación dun PXOM viábel, sen arbitrariedades e irregularidades, non só pola parálise urbanística que vimos sufrindo tanto na vila coma no rural, senón tamén

porque este é imprescindible para desenvolver solo industrial, para contar con terreos que permitan a construción de equipamentos coma a Residencia de Maiores e do Centro de Día, a construción de vivendas de promoción pública, de zonas verdes na vila, de aparcamentos en superficie, etc. **A aprobación do PXOM é esencial para impulsar o desenvolvemento económico.** Outra das nosas prioridades e a democratización do noso Concello, a través do regulamento de Participación Cidadá e tamén a través da **supresión da figura do Alcalde de Barrio**, pretendemos que nas parroquias se faga a escolla democrática das e dos seus representantes, esta figura vai ser un símbolo da democracia e non do autoritarismo e o caciquismo, que na Estrada aínda non temos superado. Por suposto a atención ao rural tamén vai ser un dos eixes do noso goberno, **imos crear a Concillería do Medio Rural** que cunha actuación global e integral vai aglutinar todas as competencias e actuacións que o PP tivo nestes anos disgregadas en varias concellerías, o apoio e impulso ao noso agro vai ser moi importante e, non o esquezamos a cooperación e coordinación coa Consellería de Medio Rural vai permitir dar un verdadeiro cambio ao noso rural. Hai tanto por facer, a nosa actuación vai ser un verdadeiro revulsivo, na política social, na política cultural, na deportiva, na económica, na de mocidade, na de atención e promoción da muller, na de medio ambiente, ..., creo sinceramente que o BNG pode transformar A Estrada, recuperar posicións en desenvolvemento e calidade de vida, frear a perda de poboación que se ten iniciado xa, e situar á Estrada como referente do norte provincial. Nós queremos e podemos facelo, so precisamos da confianza maioritaria dos e das cidadás o vindeiro 27 de maio.



A nosa lista



Aquí está o BNG!!

O BNG considera que esta candidatura que se presentará ás eleccións responde as expectativas e ilusión de cambio e transformación que piden os veciños e veciñas da Estrada. O BNG preséntase ás eleccións cunha candidatura de goberno feita para que a Estrada Avance, fronte as outras que só ofrecen continuísmo e sucedáneos electorais

1. **Raquel López Doce**
A Estrada. Diplomada en Traballo Social e Experta en Xerencia de Servizos Sociais
2. **Xoán Carlos Castro Blanco**
Guimarei. Empregado de Telefónica
3. **Isabel Ruiz Ferro**
Couso. Economista e interventora de Banca
4. **Noa López Calvelo**
Cora. Estudante
5. **Xosé Barreiro Chao**
A Estrada. Perito Mercantil, Xestor e Asesor Económico
6. **María Manuela Picallo Ogando**
Codeseda. Persoal da administración xeral da Xunta
7. **Xosé Magariños Maceiras**
A Estrada. Inxeñeiro Técnico Forestal
8. **Xosé Manuel Paz Vidal**
Olives. Gandeiro
9. **Xosé Rozados Crespo**
Paradela. Empregado da construción

10. **Gema Fernández Martínez**
A Estrada. Comerciante
11. **Xoán Manuel Reyes Salgado (Reices)**
Couso. Perito agrícola
12. **Ana María López Miguéns**
A Estrada. Comerciante
13. **Xosé Luís Ferro Penela**
Codeseda. Empregado forestal
14. **María Blanco Corral**
A Estrada. Profesora
15. **Francisco Xavier Barreiro Carracedo (Fuco)**
A Estrada. Profesor e especialista en desenvolvemento rural
16. **María Carmen Picallo Gago**
Montillón (Arca-Souto). Economista, funcionaria na Consellería de Economía
17. **Xosé Ramón Rodríguez Otero (Ramonet)**
Moreira. Empregado
18. **Araceli Puente Novoa**
A Estrada. Profesora
19. **Antón Xavier Iglesias Valiñas (Terri)**
A Estrada. Empregado e Presidente do Comité de empresa de María Martínez
20. **Xose Neira Barros**
A Estrada. Xubilado
21. **Amadeo Gonzalo Constenla Bergueiro**
A Estrada. Profesor de Universidade e Delegado Provincial de Medio Rural

Suplentes:

1. **María Xesús Balo Becerra**
A Estrada. Sindicalista
2. **Luis Torres Vázquez**
Calobre. Persoal Técnico Docente Investigador da Universidade de Vigo
3. **Rosa María Bugallo Vecino**
Cabanelas (Liripio). Empregada sector editorial
4. **Antón Álvarez Meraio**
A Estrada. Sindicalista
5. **Xosé Bugallo Rei**
Codeseda. Economista, funcionario da Administración Local
6. **María do Mar Blanco Casais**
A Estrada. Licenciada en Ciencias Políticas
7. **Manuel Anxo Rendo Lema**
A Estrada. Carpinteiro

Como contactar co BNG da Estrada:

Rúa Xusto Martínez, 12-1º C
36680 A Estrada
Tlf/Fax: 986590002
Correo: estrada@bng-galiza.org
Web: <http://www.benega.info/aestrada>

